

A Comisión Organizadora dos actos conmemorativos do *150 Aniversario da Creación da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela e a Agrupación Mutual Aseguradora, AMA*, convocan o CERTAME DE FOTOGRAFÍA “150 ANIVERSARIO FACULTADE DE FARMACIA”

BASES

PARTICIPANTES

Poderán participar os membros da Comunidade Universitaria de Galicia e os Licenciados en Farmacia, así como tódalas persoas que desexen tomar parte individualmente ou en grupo.

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por tódolos concursantes das presentes bases; motivo polo que non poderán impugnalas unha vez formalizada a presentación. O incumprimento das mesmas determinará a exclusión automática do Certame.

TEMA

O tema, a técnica e o deseño da fotografía serán libres. As fotografías deberán ser inéditas.

CATEGORÍAS

Estableceranse dúas categorías: *Fotografía tradicional e Fotografía dixital*.

PRAZO

O prazo de presentación concluírá as 14.00 horas do día 13 de abril de 2007.

PRESENTACIÓN

Cada fotografía soamente pode presentarse a unha das modalidades en que se divide o Certame.

Modalidade tradicional. O número de obras a presentar polo participante limitarase a dúas. As fotografías deberán ter un tamaño de 20 × 25 cm, e estarán montadas sobre un soporte consistente (preferentemente sobre cartón pluma ou cartolina) con un marxe de 3 cm para cada unha das veiras.

Cada obra deberá estar identificada co título e lema ou pseudónimo. Axuntarase nun sobre pechado, identificado co lema, e que conteña no seu interior os datos do autor (nome e apelidos, DNI, dirección completa, teléfono de contacto e correo electrónico) e un breve texto explicativo.

As obras remitiranse ao seguinte enderezo: “Certame de fotografía 150 Aniversario”, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Farmacia (Secretaría), Campus sur, 15782 Santiago de Compostela.

Modalidade dixital. Os participantes deberán cumprimentar o formulario de datos *on-line*, axuntando as fotografías dende o sitio web (www.150facultadefarmacia.com). Cada participante poderá enviar un máximo de tres obras en arquivos formato JPG e cun tamaño mínimo de 800 × 600 píxeles.

PREMIOS

Outorgaranse os seguintes premios:

Premios do xurado, modalidade tradicional:

Primeiro Premio: 750 €e diploma

Segundo Premio: 500 €e diploma

Terceiro Premio (especial): 250 €, diploma e obsequio conmemorativo. Este premio outorgarase entre as fotografías presentadas polos integrantes ou licenciados da Facultade de Farmacia da USC, sempre que esta condición fose acreditada na presentación da obra.

Premio votación popular, modalidade dixital:

Tódalas fotografías presentadas estarán dispoñibles nunha visita virtual na páxina: www.150facultadefarmacia.com. Os usuarios da web poderán votar polas súas fotografías favoritas a través da devandita páxina no prazo comprendido entre o 23 de abril de 2007 e o 6 de maio de 2007.

Premio único: 250 €, diploma e obsequio conmemorativo.

Os gañadores deste certame adquirirán a obriga de asistir ao acto de entrega dos premios do *150 Aniversario* a celebrar no Salón de Grados da Facultade de Farmacia.

O fallo do concurso e a votación popular faranse públicos a partires do 15 de maio de 2007 na páxina www.150facultadefarmacia.com

Os premios quedarán sometidos ao IRPF conforme a lexislación fiscal vixente.

Os premios ou algún deles poderán declararse desertos.

XURADO

Estará presidido polo Decano da Facultade de Farmacia e composto por profesores, fotógrafos e membros do mundo da imaxe. O xurado procederá a emisión do fallo consonte aos seguintes criterios de selección: orixinalidade, calidade artística, contido e actualidade da imaxe.

A decisión do xurado será inapelable.

O xurado elixirá as imaxes premiadas (agás o premio do público) e seleccionará as que formarán parte da exhibición.

EXPOSICIÓN

O xurado seleccionará entre 30 e 40 fotos que serán exhibidas nunha exposición a celebrar na Facultade de Farmacia. Editarase un catálogo coas fotos seleccionadas e os seus respectivos textos.

DEREITOS

Os autores asumen a responsabilidade en canto á autoría e orixinalidade das imaxes que envíen.

De conformidade co previsto na Lei de Propiedade Intelectual, o autor das imaxes premiadas, sen prexuízo dos dereitos morais que lle corresponden, cede ao Comité Organizador e á Facultade de Farmacia da USC, con carácter de exclusiva, os dereitos patrimoniais de explotación das imaxes.

O Comité Organizador e a Facultade de Farmacia comprométense a indicar a autoría e a exercer os dereitos de explotación consonte aos bos usos e con estricto respecto en todo caso dos dereitos morais do autor.

Os dereitos patrimoniais de propiedade intelectual cedidos polo autor en exclusiva comprenden a explotación das imaxes premiadas, podendo, libremente e sen contraprestación económica, proceder a súa reprodución, distribución, comunicación pública e transformación en calquera medios, formatos ou soportes, coñecidos ou non, na actualidade.

O Comité Organizador e a Facultade de Farmacia poderán utilizar, sempre mencionando a súa autoría e sen contraprestación económica algunha, as fotografías participantes no Certame para a promoción de actividades que non teñan finalidade comercial e a promoción do propio certame.

Os autores das obras seleccionadas que non obtiveran ningún premio non terán dereito a contraprestación económica algunha, aínda que na exhibición indicárase a autoría da imaxe e o autor poderá solicitar que se emita unha certificación de que a obra foi seleccionada para a exhibición.

Calquera situación non prevista nestas bases será resolta polo xurado na forma que considere conveniente.